



PIORNEDO-BALOUTA-RAO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 50 km (circular)

Dificultade: baixa

Duración: unha xornada



Piornedo



Detalle da igrexa de Suárbol.

Unha viaxe a un e outro lado das fronteiras, nos Ancares.

Uns 60 km en coche, múltiples paradas e curtas camiñadas para percorrer algúns dos pobos da fronteira galego-astur-leonesa preto dos cumes máis altos da Serra dos Ancares.

PERCORRIDO:

Saimos de **Piornedo** pola estrada que pasa por debaixo da localidade e, ao pouco, chegamos ao lugar onde se atopan os carteis que sinalan a fronteira. Baixamos logo en dúas curtas reviravoltas pola carballeira do **Val da Freita** e xa atopamos un cruce á esquerda que nos mete en **Suarbol**, xa non ten pallozas pero conserva a súa fermosa igrexa, sólida e porticada. Cruzando a localidade reincorporámonos á estrada que agora sube, superando uns 300 m de desnivel, para acadar a **Cruz da Cespadosa** onde temos á dereita o Pico Cuíña, o máis alto da serra. Neste punto podemos desviarnos á dereita, 5 km ida e volta, para achegarnos ao **Porto de Ancares**, desde onde podemos gozar de amplas panorámicas de un e outro lado da serra, e ao miradoiro de Balouta desde onde se ve a localidade e todo o seu val. Ou dirixirnos directamente a **Balouta** levando primeiro de fronte e logo á dereita o pico Miravales, o segundo en altitude. En Balouta, onde aínda se conservan algunhas construcións tradicionais, comezamos a acompañar ao río de Balouta, logo de Rao, que un pouco máis adiante comeza a encaixarse nun fermoso e estreito canón rochoso onde se asentan algúns grandes carballos, imposibles de recoñecer mentras están cubertos de folla, pero que o outono avanzado e o inverno permiten distinguir as súas rexas estruturas, e aínda que as curvas da estrada, de montaña e de velocidade limitada, non permiten unha distracción, por sorte ten moi pouco tráfico e algúns sitios onde apartar para detese, baixar do coche, e adicar algún tempo a gozar do entorno.



Balouta (imaxe de 1987)



Pico Cuíña


Despois de cruzar o río por segunda vez comezamos a gañar altura ata chegar ao **miradoiro da Pena Aveado**, un pouco por enriba de **Murias de Rao**. Continuamos a viaxe rodeando Murias e pasando logo por debaixo de **Robledo de Rao** ata chegarmos ao cruzamento da estrada. Nel collemos cara á dereita para, nuns 400 m chegar a **Rao**. Na entrada da localidade, á dereita da estrada temos un castiñeiro de 9,5 m de perímetro. A 400 m por enriba do lugar (700 m desde a estrada) por unha pista de terra podemos achegarnos á Pena do Souto desde onde hai boas panorámicas do val encaixado do río Rao e do seu afluente o río da Saencia, e desde alí polo camiño da esquerda, o que baixa, camiñando 2 quilómetros (ida e volta) percorrерemos o **souto da Saencia** no que hai castiñeiros de 6 a 8 m de perímetro entre os que destaca, tanto polo seu perímetro como polo seu porte, un exemplar con tres grandes ponlas. Seguindo este camiño do souto podemos subir, en algo máis de tres quilómetros de bastante pendente, a **Piliceira** un lugar situado da cabalo da fronteira entre Galiza e Asturias. A Piliceira tamén se pode chegar desde Robledo de Rao por unha estradiña que sae da parte alta da localidade e sube pola serra do Surcio para beirrear logo a parte alta do val do rego da Saencia (uns oito km e outros tantos de volta). De Rao volvemos a Murias e no alto do lugar desvíámonos á dereita por unha estrada estreita e de bastante pendente que nos leva ao pé do **Penedo de Murias**, unha impresionante lastra vertical escavada na súa base por explotacións mineiras da época romana. Desde ese lugar tamén se ve, aínda que non é posible achegarse a ela, a **Pesqueira da Lastroa**, unha fervenza no rego de Murias. Continuando a nosa viaxe chegamos aos cumes nas **brañas de Pan de Zarco**, un asentamento de verán dos gandeiros desde o que se pode gozar de amplas panorámicas dos cumes fronteiros. Seguindo pola mesma estrada volvemos á Cruz da Cespedosa desde onde facendo do revés o camiño polo que comezamos a ruta, pero sen desviarnos a Suárbol, volvemos ao punto de partida.



Vista desde o Porto de Ancares sobre Balouta e o pico do Cinsó.



Canón do Rao



Vista dos cumes desde o Porto de Ancares. Á esquerda o pico do Surcio no linde entre Galiza e Asturias.



O Penedón desde o miradoiro de Pena Aveado, sobre o canón do Rao



Souto de Rao




Castiñeiro de 8,40 m de perímetro no souto da Saencia (Rao)



Castiñeiro e ouriceira no souto da Saencia (Rao)



Penedo de Murias



O Miravales desde as Brañas de Pan de Zarco



Brañas de Pan de Zarco